

Dous textos máis para un *Corpus* documental de Cedofeita:

Celso García de la Riega e Jesús Garro García

Xosé Abilleira Sanmartín



Fernando II

Cun afán ordenador e sistemático, de cara a constituírmos ou organizarmos un mínimo *corpus* textual significativo en relación co *castellum* lerezán de Cedofeita, podemos establecer, a grandes rasgos, unha clasificación como a seguinte:

1. Os **textos documentais básicos** ou “primordiais”, que se poden agrupar en tres grandes apartados:

a) *Dotatio* de Ordoño II ao Mosteiro de Lárez, de comezos do século X, en concreto do 916, onde se menciona a torre.


b) Os documentos (de Afonso V, Fernando II e Afonso VIII) de carácter diplomático recollidos no Tumbo A, importante códice confeccionado no século XII.

c) As bulas papais (Pascual II, Alexandre III, Anastasio IV, Inocencio III), tamén do século XII.

Os textos do grupo segundo e os do terceiro teñen como fundamental referencia, tanto simbólica-propagandística como material-territorial, a igrexa compostelá, nun contexto de pronunciada inestabilidade, sobre todo polos enfrontamentos contra Portugal. Uns preséntannos o enalzamento da citada igrexa; os outros manifestan a confirmación das súas posesións. Esta conexión textual de Cedofeita e Santiago de Compostela, ademais de estar probada nestes documentos, tamén é moi notoria nese tempo derivada da capacidade de control e posición estratéxica privilexiada que a torre tiña sobre o camiño de peregrinación que, pasando ao seu pé, levaba desde terras portuguesas ata Santiago, seguindo basicamente o que fora un itinerario romano previo. Esta excelencia na súa ubicación, como sabemos, percíbese ben nesa área tan importante que cingue a desembocadura dos ríos Lárez e Rons.

2. Ademais dos apartados anteriores, tamén se atopan outros textos que nos serven de orientación, relación, alusión ou mención de Cedofeita, tanto de xeito directo como implícito. Neste ámbito “alusivo”, fronte aos grupos anteriores que non ofrecen dúbida, hai que relativizar as informacións transmitidas ou ben porque teñen como centro de produción un espazo distante e unha intencionalidade propia, ou ben porque corresponden con coordenadas temporais —e factuais— grandemente afastadas dos momentos centrais da historia da torre (lembramos, século XII). É o que acontece, por exemplo, co texto de fins do século XII de Ordoño de Celanova coñecido como *Vida e milagres do bispo San Rosendo* e a súa cita do *oppidum* de Cedofeita, discutida en canto á identificación coa nosa, ou co topónimo formante de alcu-me que se atopa no *Livro do Concello de Pontevedra* (1431-1463) no nome do notario e procurador municipal Rui Fernandez de Çedofeita.

3. Polo demais hai outro nivel de textos que se refiren á substitución na denominación, como é modificar Cedofeita por "Trinidad" ou "Alba", mutación que parece apuntar a unha situación de total perda de identidade, funcionalidade e mesmo existencia do que fora a fortaleza, probabelmente durante o século XV; unha radical transferencia nominal deste calibre, pola que se abandona o topónimo de *Citofacta* por calquera dos outros (un quizais co predominio dunha carga relixiosa, outro destacando a compoñente poboacional) semella responder á desaparición, estrago ou desleixo –como tal- da estampa da torre. Estas novas denominacións figuran en diversos autores como José de Santiago y Gómez, Carreras e Candi ou J. Couselo Bouzas, entre outros.



De la Riega

4. Aínda así, a potencia da memoria, amparada nos sinais e restos materiais, no saber ilustrado e na "curiosidade", posibilitará a permanencia posterior do propio nome de Cedofeita. É o que acontece cun conxunto de textos de "memoria histórico-arqueolóxica", inaugurado por Sarmiento na súa Viaxe de 1745 (véxase "O Castellum de *Citofacta* en Lérez: uns comentarios sobre a súa documentación", *Revista Cedofeita* 3, 3-10, outubro 1999) e que, sen dúbida, tivo abundantes e variadas mostras, influencias e relevo. Queremos dar neste artigo un par de exemplos relevantes: García de la Riega e, a outro nivel, Jesús Carro.

Polo que atinxe ao texto do pontevedrés Celso García de la Riega (1844-1914), elaborado ademais con toda a base documental da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, resulta unha sinopse

moi esquemática e parcial sobre Cedofeita. Sitúase no capítulo XVI do seu "estudio histórico" sobre *La Gallega, nave capitana de Colón, en el primer viaje de descubrimientos*, publicado en 1897 na imprenta da viúva de J.A. Antúnez:

"Es de creer que tras varias centurias de modesta existencia, las comprendidas entre la conquista de Galicia por los romanos y el siglo XII de nuestra era, empezaron á acrecentarse la población y el tráfico en Pontevedra por virtud de las mercedes con que D. Fernando II de León premió la victoriosa resistencia que la villa hizo al rey de Portugal y á la eficaz ayuda que le dio para tomar el monarca lusitano el castillo de Cedofeita, situado en un castrelo próximo al monasterio de Lerez y, por consiguiente, á poco más de un kilómetro de Pontevedra. Gran importancia concedía á esta comarca el rey, cuando se consideró en el caso de venir á defenderla personalmente"(p.124)

En nota explicativa, dános máis información sobre Cedofeita, de gran interese por canto aporta novos elementos, e constata a "memoria" da mesma e recoñece os vestixios existentes. Aquí dános a coñecer a situación e propiedade de Cedofeita no século XV, baseándose en fontes textuais. A mención da familia Montenegro fainos establecer, unha vez máis, un punto de unión entre a fortaleza e Santiago, no sentido de que –como é ben sabido- esta liñaxe pontevedresa do século XV caracterizouse pola súa fidelidade coa igrexa compostelá. Por outra banda, esta noticia abre algún viero para atopar nova información sobre o tema. Ademais, a hiperbólica e mítica alusión a *Lambriaca*, a cidade mencionada por Pomponio Mela, o escritor gaditano do séc. I, na súa obra *Chorographia*, e a súa ousada conexión co castelo, así como unha concepción da historia por veces "figurada", non diminúe a importancia desta testemuña:

"El castillo de Cedofeita, Citofacta, fue reedificado por el obispo Sisnando para defensa del país contra las irrupciones de los normandos y escandinavos. Herculano, en su historia de Portugal, al referir la expedición á Galicia del rey Don Alonso, sitúa equivocadamente dicho castillo en la actual provincia de Orense, según demuestran varios escritores. Los restos de esta fortaleza y las tierras contiguas pertenecían á fines del siglo XV á la noble familia pontevedresa

de los Montenegro, según testamento otorgado en 17 de Enero de 1491 por Gonzalo López de Montenegro, de que poseemos testimonio notarial.

La resistencia de Pontevedra al ataque del portugués se apoyó en sus fosos, barbacanas, muros y torres; de estas fortificaciones tenemos noticias precisas por multitud de documentos que en gran parte y en extracto publicó la Sociedad Arqueológica, así como por los recuerdos de los vecinos ancianos que alcanzaron a ver casi completas las expresadas murallas y torres, y también por los restos existentes, alguno de los cuales non ha sido estudiado y revela á nuestro juicio haberse construido en época remota; quizás sea la única reliquia que nos queda de la antigua ciudad de Lambriaca" (p.184-5).



Recreación da torre de Cedofeita, por Paisa.

Polo demais, a dimensión xacobeá e o recordo da guerra contra Portugal, tamén serven de pretexto e xustificación en contextos históricos moi distintos. Así se pode entender o seguinte texto do crego Jesús Carro García, moi connotado ideolóxico e relixiosamente en correspondencia co clima da "cruzada" franquista, "El castillo de Cedofeita y el Apóstol Santiago", publicado en *Spes* en xullo de 1949, *enganchando* os episodios de Cedofeita do século XII coa Guerra de Restauración de Portugal de mediados do século XVII:

"Transcurrieron más de cuatro siglos. A Galicia le tocó estar bajo el peso abrumador de la sublevación de Portugal. Tuvo que nutrir el ejército de toda la frontera. Ocurrían más calamidades y guerras a España. Los gastos eran enormes. Felipe IV se vió en la necesidad de pedir recursos. El Cabildo compostelano, a principios del año 1654,

se excusó de no poder contribuir más que con 2.000 ducados, debido a tener que socorrer a los irlandeses expulsados por el parlamento de Inglaterra.

El monarca español debió tener siempre latente en su corazón lo de la independencia de Portugal. ¿Cuántas veces pensaría recobrar aquel reino para su corona? Alguien tuvo que mencionarle la invasión portuguesa, reinando D. Fernando II, la reconquista del castillo de Cedofeita y la derrota del ejército lusitano. Una carta de D. Fernando de Fonseca Ruíz de Contreras, fechada en Madrid a 13 de octubre de 1655, al Cabildo de Santiago, le decía que Su Majestad le había mandado decir: que en el archivo del reino de Galicia, en el Cabildo eclesiástico de esa santa iglesia de Santiago, se conservaba un privilegio por donde constaba que el señor rey D. Fernando el segundo de León y Galicia fue socorrido del Santo Apóstol en una batalla contra portugueses, cerca de Pontevedra, con gran estrago de aquella nación.

Le rogaba que buscara dicho privilegio, desde los años 1157 hasta 1188, y que habiéndole hallado, le enviara copia autorizada, para que la pueda poner en las reales manos de Su Majestad.

Este interés de Felipe IV por conocer aquel hecho milagroso, es que preveía la constante amenaza de una nueva invasión portuguesa, especialmente a Galicia. Confiaba entonces, como el mejor defensor, a Santiago, el patrón singular de las Españas".

Como parece desprenderse da literalidade do texto citado, o "privilegio" correspóndese ao documento de 18 de marzo de 1169 polo que Fernando II fai doazón do castelo de Cedofeita á igrexa compostelá, unha vez recobrada do poder das tropas portuguesas. A apoloxía e culto de Santiago, nos textos vistos, é un trazo que aparece tamén expreso e intensificado nesta última cita, tendo en conta que o sinalado Fernando de Fonseca Ruíz de Contreras, quen desempeñou destacadas funcións na corte dos Austrias, é cabaleiro do Hábito de Santiago e, no momento no que se alude, ocupa altos cargos e distincións (na Secretaría e no Despacho Universal do Estado, dos que se responsabilizaría ata a súa morte en 1660).


Conforme podemos observar, a presenza do elemento compostelano (igrexas, posesións, culto, relacións diversas...) é constante nos textos da torre de Cedofeita. Mesmo en circunstancias históricas tan distintas como as sinaladas (séculos XII e XVII) a atmosfera xacobeana inunda uns feitos distintos e distintos que se fan conectar *ex professo*. Loxicamente, o que eran uns documentos que se explicaban dun determinado xeito na Idade Media, posteriormente, noutras coordenadas, serviron de material e xustificación "escrita" para novas concepcións (ideolóxicas, culturais e relixiosas) nunha época diferente.

Por último, neste breve cadro sobre o *corpus* textual de Cedofeita, hai que facer un exercicio de rendición á evidencia. Nuns tempos –sobre todo a partir do século XIII e ss.- con episodios e personaxes tan sobranceiros (Pedro Álvarez de Soutomaior, Tristán de Montenegro, os irmandiños...), e con fontes de tanto calibre (*Historia Compostellana*, Pleito Tabero-Fonseca, Vasco Daponte, logo o conxunto de documentos notariais, o Livro do Concello, textos portugueses, etc), a ausencia escrita da torre de Cedofeita é apabullante. É certo que seguramente o marco proposto se irá enchendo con algúns textíños máis que vaian aparecendo, algunhas citas, alusións, referencias. Será necesario submerxerse

nos textos medievais que están sen editar, e nos documentos que referidos á nosa historia continúan aínda hoxe vergonzosamente fóra do noso país, en arquivos españois, produto doutro *pio latrocinio*. Igualmente rastrexar máis acidamente os materiais bibliográficos de Portugal, o noso país irmán. Seguir a "devorar" todo tipo de manuais, breviarios ou calquera libro que dunha maneira ou outra poidan gardar algunha información que nos axude a completar todo: non esquezamos que moitos destes textos se encontran en lugares insospeitados (integrados en obras xerais, conectados con temáticas concretas, nalgúns artigos en revistas ou publicacións moi especializadas, etc., como é o caso das mostras aquí traídas a colación). Mais, a día de hoxe, co que xa se ten publicado, contamos cunha xa interesante antoloxía básica de textos sobre a devandita fortaleza, que valen para ampliar máis estudos (textuais, históricos, lingüísticos, toponímicos...).

BASE PARA UN *CORPUS* TEXTUAL DE CEDOFEITA:

- Textos documentais básicos Dotatio, Tumbo A, bulas papais
 T. "alusivos" Vita de S.Rosendo, Livro do Concello de Pontevedra
 T. "substitutivos" José de Santiago y Gómez, Carreras y Candi, J.Couselo Bouzas...
 T. de "memoria histórico-arqueolóxica" Sarmiento, G.de la Riega, J.Carro...



Membros da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. Entorna de Cedofeita a principios do Século XX.